

“A educación ambiental para o desenvolvemento sostido: concepción, resultados, logros e perspectivas en Cuba”

(Traballo do Ministerio de Educación, traducción de M. Amor)

Licenciado **Orestes Valdés**, profesor investigador auxiliar especialista en educación ambiental.

**Instituto Central de Ciencias Pedagógicas
Ministerio de Educación.
Cuba
La Habana, Febreiro 1996**

A educación ambiental para o desenvolvemento viable: concepción, resultados logros e perspectivas en Cuba.

En Cuba o desenvolvemento da educación comeza de maneira paulatina a cobrar auge, a partir da Conferencia Intergubernamental de Educación Ambiental, celebrada en 1977.

A Protección do Medio Ambiente ten que estar presente como dirección política, económica e social de cada estado, e depende tamén da educación ambiental.

En Cuba a protección do medio ambiente e o traballo sobre educación ambiental figuran nos principais documentos que rexen o desenvolvemento político, económico e social da nación, como son a Constitución da República, o programa do Partido Comunista, a lexislación e os programas, orientacións metodolóxicos e os libros de texto dos diferentes niveis e tipos de ensino do Ministerio de Educación, entre outros documentos.


É moi importante suñar que Cuba, coas modificacións introducidas na Lei de Reforma Constitucional aprobada pola Asamblea Nacional do Poder Popular, foi o primeiro país do mundo que incorporou e enfatizou os acordos da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, celebrada en Río de Janeiro (Brasil) ao expresar o carácter estatal da protección medioambiental, e na nova constitución da República aprobada en Xullo de 1992.


Neste sentido, na Constitución da República de Cuba e no seu artigo 27 exprésase que o estado protexe o medio ambiente e os recursos naturais do país, recoñece a súa estreita vinculación co progreso económico e social sustentable para facer máis racional a vida humana e asegurar a pervivencia, o benestar e seguridade das xeracións actuais e vindeiras; corresponderíalles aos órganos competentes aplicaren esta política. Sería deber dos cidadáns contribuír á protección

da auga, a atmosfera, a conservación do solos, da flora, da fauna e de todas as ricas potencialidades da natureza..

Actualmente, o estado elaborou o programa nacional de protección do medio ambiente e desenvolvemento, que é o acomodo á realidade cubana do documento Axenda XX, acordado na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, celebrado en Río de Janeiro (Brasil), que contén os obxectivos, accións e estratexias para o traballo de protección medioambiental e as actividades de educación ambiental que se promoverán e perfeccionarán no país.

Co propósito de aumentar a eficacia e a calidade, ademais de desenvolver aprofundar e controlar o traballo medioambiental, o estado cubano elaborou para a súa implementación a nova Lei do Medio Ambiente e a Estratexia Nacional Ambiental até o ano 2000.





Educación ambiental

A incorporación e renovación no plan de estudos e no currículo escolar dos temas da protección do Medio Ambiente, a integración da dimensión ambiental nas actividades do proceso docente educativo, a formación e superación dos docentes, así como a extensión deste traballo á familia e á comunidade, constitúen a base e a esencia para promover a educación medioambiental.

Hoxe un dos variados e importantes componentes e funcións da educación constitúeno a formación dunha cultura ambiental do individuo manifesta non só nas ideas, senón tamén mediante actividades e actitudes destinadas á protección do Medio Ambiente e cunha identidade nacional.

Todo o dito antes encóntrase avalado por un feito de profundas consecuencias para a Humanidade: a degradación acelerada e en moitos dos casos irreversible do Medio Ambiente. Este deterioro ameaza en prazos máis ou menos breves coa destrución gobar dos ecosistemas do planeta.

Pero somos optimistas e recoñecemos - a pesar dos nosos defectos ecolóxicos-, a nosa posición, o traballo realizado e o estado privilexiado na protección do Medio Ambiente, resultado do labor e do traballo realizados. Temos ademais a convicción de que o desenvolvemento e o progreso sociais son compatibles coa protección mediambiental.

Cuba recoñece que é posible conseguir o desenvolvemento sostido e ecoloxicamente viable, e que para isto é imprescindible que os países desenvolvidos - principais responsables dos problemas medioambientais- permitan a utilización dos seus recursos financeiros, tecnolóxicos e científicos para contribuír a resolver os problemas ecolóxicos dos países subdesenvolvidos.

O estado cubano está convencido de que lograr un desenvolvemento económico sostido e ecoloxicamente viable precisa dunha perspectiva e unha concepción global e múltiple, que considere a aguda crise económica dos países en vías de desenvolvemento, así como a revisión e reelaboración dos actuais modelos productivos, de distribución e de consumo das economías dos países desenvolvidos, modelos que lles foron impostos ás nacións subdesenvolvidas.

Cuba recoñece e reitera que no intre actual un desenvolvemento político, económico e social planificado que considere a protección do Medio Ambiente, xunto coa existencia da propiedade social sobre os medios fundamentais de produción, son os que contribúen e determinan unha consecuente protección do Medio Ambiente.

Debemos, sen embargo, recoñecer que a pesar do traballo realizado e dos seus resultados, persisten dificultades e limitacións no desenvolvemento da Educación Ambiental, xeradas pola propia aplicación na práctica deste proceso educativo, con especial énfase no período revolucionario. A nosa posición é boa, pois non estamos ao mesmo nivel de moitos



países da rexión nestes momentos en que comeza o movemento da educación ambiental.

Actualmente traballamos por promover, sistematizar, perfeccionar e elevar a calidade do labor en educación ambiental sobre a base dos resultados obtidos nestes anos e, en correspondencia coas esixencias e o deber de protexer o Medio Ambiente perante o reto do desenvolvemento sostido.

No Plano de Acción e Estratexia Nacional de Educación Ambiental deseñado e en proceso de aplicación polo Ministerio de Educación até o ano 2000 planifícanse as actividades a seguir:

A. Subsistema de formación e perfeccionamento do persoal pedagóxico:

1. Desenvolvemento de cursos de superación en Educación Ambiental para alumnos que estudian a Licenciatura en Educación Primaria.
2. Integración e desenvolvemento da educación ambiental mediante as dimensións académicas, laborais e investigativas nos Institutos superiores pedagóxicos.
 - a) diagnóstico, prognóstico e introducción da dimensión ambiental nos planos e programas de estudos e materias.
 - b) desenvolvemento e introducción do enfoque de educación ambiental na práctica docente dos Licenciados en Educación.
 - c) Introdución da dimensión medioambiental nas actividades extradocentes e extraescolares.
 - d) Realización de investigacións, traballos de desenvolvemento e experiencias sobre os problemas ambientais, cunha especial énfase na metodoloxía e nos problemas pedagóxicos da educación ambiental.
3. Mellorar a formación do persoal docente en exercicio a través de seminarios, talleres, cursos de postgrado, reunións científicas, realización de prácticas, e ciclos de conferencias entre outras actividades.
4. Mellorar e favorecer o traballo dos Grupos Multidisciplinares de Educación Ambiental, en estreita vinculación coas comisións provinciais e municipais do medio Ambiente.

B. Subsistema de Educación Xeral Politécnica e Laboral:

5. Diagnóstico e prognóstico da incorporación da dimensión ambiental nos planos, programas de estudio e asignaturas no ensino preescolar, primario, secundario básico e preuniversitario, para o seu perfeccionamento na futura reforma curricular.
6. Mellora e impulso do enfoque da protección do Medio Ambiente e o desenvolvemento sustentable nas clases de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

promoción e énfase no enfoque medioambiental e no concepto de desenvolvemento sustentable en todas as actividades e traballos extradocentes e extraescolares, así como do proceso docente educativo.

C. Subsistema de Educación especial. Educación preescolar, Educación Especial e Educación de Adultos:

8. Mellora e impulso da educación medioambiental, mediante o enfoque da protección do Medio Ambiente no desenvolvemento sustentable nas clases e actividades extradocentes e extraescolares do proceso docente-educativo.

D. Educación Técnica e Profesional

9. Promoción, mellora e introducción de técnicas, actividades e accións, compatibilizando os seus contidos coa protección do Medio Ambiente e o desenvolvemento sustentable nos diferentes tipos de centros de ensino técnico e profesional, con carácter prioritario nos centros politécnicos agrícolas e pecuarios.
10. Perfeccionamento e introducción dos programas, orientacións metodolóxicas e libros de texto da educación técnica e profesional da protección do Medio Ambiente e o desenvolvemento viable para a súa posta en práctica nas clases e nas actividades extradocentes e extraescolares.
11. Fortalecemento e actualización do persoal docente e en exercicio sobre as temáticas do Medio Ambiente e o desenvolvemento sustentable no Instituto Superior Pedagóxico para a educación técnica e profesional.

E. Investigacións

12. Introducción e desenvolvemento da educación ambiental no programa de Acción Educativa do Proxecto Escola Cubana do Grupo Vida da escola en diferentes municipios e escolas.
13. Introducción e avaliación dos resultados territoriais obtidos nas investigacións e traballos de desenvolvemento que se realizan nas escolas ubicadas nas áreas protexidas (Parques Nacionais e reservas de biosfera) e nalgúns cidades para o perfeccionamento da educación ambiental no proceso docente educativo.
14. Deseño, asesoría, vixilancia, control e avaliación de proxectos experimentais, investigacións, traballos de desenvolvemento e experiencias en escolas e comunidades.
15. Promoción e fomento da educación ambiental nos centros docentes do Plan de Escolas Asociadas da UNESCO.

F. Divulgación. Servicios científico-técnicos. Eventos. Actividades de participación comunitaria.

16. Promoción e fomento de programas de televisión e de radio para a extensión da educación ambiental da escola á comunidade.
17. Publicación de libros, manuais, folletos e artigos sobre a educación ambiental para o persoal docente e a poboación en xeral. Prestarase unha especial importancia á publicación de resultados científicos dos traballos de educación ambiental levados a cabo na práctica educacional.
18. Confección de diapositivas, vídeos e filmes didácticos sobre educación ambiental e protección do Medio Ambiente e desenvolvemento sustentable para as escolas dos diferentes niveis de ensino e para a poboación en xeral.

19. Realización de seminarios e obradoiros rexionais de educación ambiental. Organización e participación noutros eventos nacionais e internacionais, así como provinciais, municipais e escolares.
20. Promoción de accións e actividades educativas sobre a protección do Medio Ambiente onde se vinculen escola, familia e comunidade, como por exemplo os planos de repoboación forestal, o cultivo de plantas ornamentais e medicinas e traballos de hixiene e decoración, entre outras.
21. Promoción e fomento de investigacións, experiencias, traballos e actividades educativas sobre a protección do Medio Ambiente e o desenvolvemento sustentable nas instalacións de pioneiros e no ámbito familiar.

A organización estatal, o carácter participativo e unitario da sociedade cubana e a prioridade que o Partido e o Estado lle conferen a esta esfera colocan a Cuba nunha situación e nun estadio privilexiados para conseguir os obxectivos dun progreso económico e social viable que garanta a satisfacción das necesidades das xeracións presentes e futuras.

Estamos certos de que a educación ambiental, como proceso educativo, como perspectiva, dimensión e alternativa educativa, pode contribuír de maneira significativa á protección do Medio Ambiente e ao obxectivo dese progreso integral sostido e ecoloxicamente viable que precisa a sociedade mundial. ■

Bibliografía

- CASTRO RUZ, FIDEL: Ecología y desarrollo. Selección temática 1963-1992. Editora Política, La Habana, 1992.
- COLECTIVO DE AUTORES: Para la vida (versión en español) Editorial Pueblo y Educación. La Habana, 1992.
- Constitución de la República de Cuba. Editora Política, La Habana, 1992.
- CÁNOVAS FABELO, LESBLA: Una estrategia realista por la calidad de la educación. Conferencia maxistral impartida no evento provincial "Pedagogía '95". Santiago de Cuba, Cuba, 14 de Xullo de 1994.
- DÍAZ OTERO, SOLEDAD, RIVERA FERREIRO, IRENE, E OUTROS: Informe preparado para el Taller Internacional sobre desarrollo sostenible: el caso Cuba". IV Conferencia Mundial sobre a Muller. Foro de Organizacións non Gubernamentais para a Muller 95. Beijín (China) 1995.
- Discurso del presidente Fidel Castro Ruz en la Conferencia de Las Naciones Unidas sobre Medio Ambiente y Desarrollo. Río de Janeiro, Brasil, 14 de Junio de 1992. Editora Política, La Habana, 1992.
- Informe Nacional a la Conferencia de las Naciones Unidas sobre Medio Ambiente y desarrollo, Brasil, 1992. Comisión Nacional para la Protección del Medio Ambiente y del uso racional de los recursos naturales del Consejo de Ministros, La Habana, 1992.
- MARTÍ PÉREZ, JOSÉ: Obras Completas. Editora Ciencias Sociales. La Habana, tomo 4, pax. 381.
- NOVO VILLAVERDE, MARÍA: Bases para una estrategia española de educación ambiental. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, Madrid, 1993.
- ROSE HALL, ORLANDO: Adecuando la educación ambiental al desarrollo sostenible (Documento de trabajo) UNESCO EPD/HQ; París, 1994.
- VALDÉS VALDÉS, ORESTES: La educación ambiental, curricular para el desarrollo sostenible en Cuba. Curso pre-reunión impartido en el Congreso Pedagogía '95. Palacio de las Convenciones, La Habana, 1995.
- VALDÉS VALDÉS, ORESTES: La educación ambiental formal, no formal e informal: sus resultados, logros y perspectivas en Cuba. Conferencia Magistral. Primer Foro nacional de Educación. Monteno y 1994.
- VON DER VEID, NAHIDA FRANCA. Proxecto "roda viva". Unha proposta metodolóxica para a educación ambiental. Ponencia presentada á 40 asamblea mundial ICET sobre o tema "Preparación de profesores para a preservación da vida e a superación da pobreza" Río de Janeiro, 1993.

1 José Martí, "Obras Completas" Editora Ciencias Sociales, La Habana, 1975 Tomo 4, páxina 381.